

# SCRITA CONTEMPORÁNEA

AC

ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

## Mestras e Mestres da Memoria 2013-2019



## Tesouros Humanos Vivos

Colección *Biografías*  
Serie *Mestras e Mestres da Memoria*

**Mestras e Mestres da Memória  
2013-2019**

**Tesouros Humanos Vivos**

Consello Directivo da AELG    Presidencia    Cesáreo Sánchez  
Vicepresidencia    Rosalía Fernández Rial  
Secretaría xeral    Mercedes Queixas  
Tesouraría    Marta Dacosta  
Vogalía de Lugo    Lois Pérez  
Vogalía de Vigo    Leticia Costas  
Vogalía de Santiago de Compostela    Daniel Asorey  
Vogalía de Ourense    Xoán Carlos Domínguez Alberte  
Vogalía da Coruña    Cilha Lourenço  
Vogalía de Relacións coa Lusofonía    Carlos Quiroga  
Vogalía de Relacións Internacionais    Xavier Queipo  
Vogalía de Cataluña    Alicia Fernández Rodríguez  
Vogalía de Literatura de Tradición Oral    Antonio Reigosa  
Vogalía de Literatura Dramática    Afonso Becerra

Secretaría económica e técnica    Ramiro Torres Maceiras e Ernesto E. Calo

Edita    Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)  
aelg.gal - aelg.gal/Polafias  
oficina@aelg.org

Deseño base da capa    Alberte Sánchez Regueiro – Distrito Xermar

Fotografías    Arquivo AELG 15, 17, 21, 23, 25, 27, 29, 30, 35, 38, 41, 44, 46  
Ana Guerra Cañizo 32, 33, 34

Maquetación    Gráficas Mera

D. L.    VG-1293-2005  
ISSN    1989-7340

©Das respectivas autoras/es

©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Outubro de 2019

Colección *Biografías*

Serie *Mestras e Mestres da Memoria*

#### Agradecementos

Isidro Novo *in memoriam*, pola xenerosa compañía e pola inesquecibel amizade en tan longa travesía.

Grupo de Traballo da Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, composto por Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Lois Pérez, Carme Pernas Bermúdez, Calros Solla, Xurxo Souto e Antonio Reigosa.

Ernesto Espinha e Ramiro Torres, desde a secretaría da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, ensamble indispensable no axuste e bo desenvolvemento deste e doutros proxectos.

Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, por apoiar este e outros proxectos da Sección de Literatura de Tradición Oral.

Carmen Basadre, ex-concelleira de Cultura do Concello de Lugo, polo trato exquisito e o apoio recibido desde os inicios deste proxecto ata o ano 2019.

Esta edición contou co patrocinio da Concellaría de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: [www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com), 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

The background of the page is filled with abstract, flowing, light green lines that resemble smoke or liquid movement. These lines are layered and semi-transparent, creating a sense of depth and motion. They originate from the bottom left and sweep upwards and across the page towards the top right.

**Mestras e Mestres da Memória  
2013-2019**

**Tesouros Humanos Vivos**



Con esta publicación, que recupera os nomes das persoas distinguidas pola AELG desde 2013 ata 2019, pónense sobre o papel as vidas e as obras de nove Mestras e oito Mestres da Memoria –así, con maiúsculas– que contribuíron a que a nosa cultura popular se manteña viva e en pé. Elas e eles simbolizan a herdanza dunha farturenta memoria, o pouso excelso dun patrimonio intanxible, rexamente enraizado nas esencias dos milleiros de anos vencidos por varias ducias de xeracións; e todo, no seu conxunto, enche de esperanza un saco de semente que asegura a continuidade e o anovamento cultural desta nosa nación.

Con iniciativas coma esta reclámase a atención da sociedade para coas persoas que a UNESCO denomina *Tesouros Humanos Vivos*, auténticas bibliotecas –cando non enciclopedias– do saber, das artes e das técnicas que fixeron posible que chegásemos ata aquí compartindo unha cultura cohesiva, singular e universal.

Todas estas persoas, e outras moitas, estou ben certa, merecen que as honremos poñendo os seus nomes en letras de imprenta. Precisamos o seu maxisterio pois son modelos a imitar, exemplos de perseveranza, alento para conservar e transmitir, para recrear con enxeño novas e vellas formas de expresión cultural.

Desde a Área de Cultura do Concello de Lugo agradecemos o agarimo que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega nos amosa ao declarar a nosa cidade *Capital Galega da Literatura Oral*; un título que implica un recoñecemento ao compromiso coa cultura popular e co seu principal soporte de transmisión, a oralidade.

Esta distinción, complementada coa elección de Lugo para celebrar ano tras ano a Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, é moi de agradecer polo que significa pero tamén somos conscientes de que implica a responsabilidade para corresponder cunha xestión que atenda, divulgue e prestixie toda a cultura expresada preferentemente por vía oral.

Desde a Concellería de Cultura do Concello de Lugo celebramos a posta en marcha de tan feliz iniciativa para distinguir estas persoas, xeralmente anónimas e esquecidas, con escasa ou nula presenza nos medios de comunicación; porque cremos que é un proxecto necesario, unha imprescindible aposta a favor da lingua e da oralidade que axuda a consolidar tradición, que constrúe futuro sobre un alicerce tan sólido como a memoria individual e colectiva común.

Por tanto, damos os nosos parabéns á Sección de Literatura de Tradi-

ción Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e ao seu Consello Directivo por todo o traballo realizado e por esta publicación, que divulga o incansable e meritorio quefacer ao longo de tanto tempo –toda unha vida– de persoas únicas, desas Mestras e Mestres do que fomos, espello do que somos e guieiros do que queremos ser.

*Tareixa Antía Ferreiro Tallón*  
*Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua*  
*do Concello de Lugo*

Este libro que se fai realidade na sétima edición dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, convoca a historia dos anos nos que celebramos homes e mulleres como referentes da nosa oralidade. Hoxe, celebramos de novo os Mestres e Mestras da nosa cultura, da nosa Memoria. Conscientes de que son a salvagarda e continuidade deste patrimonio vivo, apousentado na memoria individual e colectiva, e que depende de nós a consideración social que sexamos capaces de conceder a todos e cada un destes depositarios e depositarias, que son en definición da UNESCO, verdadeiros Tesouros Humanos Vivos. Anacos da súa celebración ao longo dos anos están neste breve texto.

Na Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega sabemos que a tradición oral de noso axudou a crear o espello onde nos ollar con dignidade cando no relato da historia que nos foron contando non nos recoñecíamos.

A oralidade deu, e dará, a nosa dimensión humana en relación coa natureza e o universo que a contén, a nosa ollada singular coa que ver o mundo e outras culturas coas que dialogar. Unha cultura está viva se ten unha tradición oral viva, unha oralidade viva, nunha continua construción e anovación das formas culturais, que serán as tradicións do futuro.

A tradición oral axúdanos a buscar a riqueza da nosa complexidade para así non caer na ditadura do actual, tantas veces vestido coas esplendorosas roupas do efémero e banal en que se está a converter o imaxinario colectivo hoxe hexemónico.

Parafraseando a Kazantzakis, queremos saber ler na nosa tradición oral, na representación de nós propios, as forzas que nos crearon no noso idioma. É aprendermos a ler na tradición os máis antigos soños que dormen nos signos, cos que tallamos a pedra e amasamos os silencios da enmudecida Terra e do Mar, coas súas secretas revelacións, para que o escuro fose canto e alfaia en tantas arealongas.

Non son o primeiro en dicir –creo que foi Auden– que toda cultura ten na súa literatura un lugar de soberanía do idioma no que se expresa.

Da mao das nosas Mestras e Mestres da Memoria vivimos esa viaxe marabillosa ao longo dos séculos, escoitando un conto, unha lenda, a música popular tocada polo acordeón, poñamos por caso, que convoca os nosos sentidos e fainos esquecer que son duros os días, esquecernos de nós mesmos para lembrar que formamos parte da harmonía do humano universal como mulleres e homes galegos.



Nese lugar do ser que somos nace o mundo de lendas que tecemos con aloumiños dende o silencio unánime dos eidos, que vive acochado nos pregues do noso ser colectivo, da terra erma que somos e da que facemos terra de labor.

Mais ningún pobo constrúe a súa tradición oral da nada. A cultura chamada inmaterial está asentada sobre unha moi antiga cultura material. Fomos canteiros a facer cantar a pedra en oración románica e barroca. Fomos labregos do barro que fixo a cunca que ama o leite cru, que do sábrago constrúe o corpo do propio soñar.

Somos unha das máis antigas nacións da Europa e isto significa que construímos unha inmensa tradición, o que hoxe é fardel da nosa oralidade.

Coa sabedoría popular, que fai as preguntas, respondemos creando mitos e lugares simbólicos. Cantamos coplas, contamos contos, máxicas lendas, historias onde a verdade mente: construímos culturalmente realidade.

Na nosa tradición oral está depositada a chave que resolve e mantén viva a tensión entre a nosa natureza e o home, a muller que somos, entre a cultura e o seu enigma. Grazas a esta íntima presenza na cerna do noso ser somos o pobo que habita esta patria no mundo.

É por isto que esta publicación é unha forma de recoñecermos o seu labor como Mestra e Mestres da Memoria ao longo de sete anos.

Con gratitude, porque o noso idioma, como eterna candeia, iluminará a nosa cultura, vivirá grazas a eles, a elas, e será en cada neno ou nena un vivo presente. Porque grazas ao seu saber alimentamos a esperanza

Na cidade de Lugo, Capital galega da Literatura de Tradición Oral, que conta a súa historia en anos e séculos, en milenios, que celebramos o tesouro inmenso da nosa tradición oral, e nela honramos os seus contadores e contadoras, aquelas que nas maos ou no cantar levan a luz desta terra; a súa palabra, que é alento da alta serra e murmurio cálido do eido, música da fraga e do mar que dá o pan cando nos ama e veste co seu vento mareiro, tremeluciente nas súas espumas, e que cando non nos ama, dános a dor.

É de xustiza celebrarmos como Mestres e Mestras da Memoria a quen debullaron os días da súa longa e fértil vida vivida no duro labor dos traballos nos eidos do mar e da terra ao tempo, que eran depositarias do que de máis nobre e fermoso nos constitúe aos galegos. Son Mestres e Mestras en transmitir, despois de peneirar á luz do noso presente, o herdo cultural,

humano, que recibiron de quen nos precederon.

O noso extenso e intenso patrimonio de cultura oral é o lugar dende onde poder construímos o que hoxe habita a cerna do noso idioma. Idioma que é a suma de pensamento e materia, dos ritmos do chover ou da onda que nace e morre na area, é musica e rítmico falar da emoción no riso e na mágoa. Con todo isto, mestura do sentir e do coñecer, construímos a alma galega ou o espírito galego, en palabras de Otero Pedrayo; con esta alma sedimentada con paciencia xeolóxica, como o sábrigo sedimentou nos camiños, é que facemos a nosa interpretación do mundo.

Sabemos, pois, que cada lingua ten unha alma propia, e sabemos que isto é o froito dun longo e duro camiño que fomos camiñando colectivamente xeración tras xeración. Sabémolo e así o recoñecemos hoxe: a riqueza do noso idioma, da nosa literatura, gozámola grazas a transmisión que a tradición oral e os seus Mestres e Mestras fixeron chegar até nós: un cofre cheo de alfaías que é para nós unha ferramenta de coñecemento.

Neste libro aberto que é esta cidade de Lugo podemos ler que somos fillos daqueles segredos antepasados que viviron esta terra antes de nós, fillas dos mundos que soñaron, herdeiros da súa palabra; fillos dos seus soños, dos que nos foron transmitidos por aqueles que crearon as verdades nosas e que hoxe precisamos para ver máis aló da tona da realidade. Somos fillos e fillas da súa palabra, a que atravesando os séculos chegou até as Mestras e os Mestres que premiamos e recoñecemos, e que nos permite ler a nosa propia identidade.

Así a Sección de Literatura de Tradición Oral, con Antonio Reigosa á súa fronte, con Isidro Novo sempre na memoria e no corazón, con Lois Pérez e todo o Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, consideramos que é unha obriga colectiva e unha responsabilidade social identificar e recoñecer publicamente aqueles homes e mulleres que posúen o saber da nosa tradición á luz do presente. Neles recoñecemos e recoñecemos os alicerces humanos do noso Patrimonio Cultural Inmaterial; sobre deles erguemos as máis sólidas paredes do noso fogar comunal. No seu saber habita o sentir e o soñar da nosa identidade.

*Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*



## **A quen chamamos Tesouros Humanos Vivos?**

A UNESCO elaborou no ano 1994 unhas directrices para instar os estados membros a crear un programa que denominou ‘Tesouros Humanos Vivos’ e que tiña como obxectivo fomentar a creación de sistemas nacionais que outorgasen un recoñecemento oficial a depositarios e executantes das tradicións dotados de gran talento, alentándoos a transmitir ás novas xeracións os seus coñecementos e técnicas relacionadas con elementos específicos do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI).

Nese documento defínense os Tesouros Humanos Vivos como aqueles individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do Patrimonio Cultural Inmaterial.

Para recoñecer unha persoa ou un grupo como Tesouro Humano Vivo, a UNESCO recomenda considerar os criterios ou requisitos seguintes: excelencia na aplicación dos coñecementos e as técnicas demostradas, plena dedicación, capacidade para seguir desenvolvendo os seus coñecementos e técnicas e para transmitilos.

## **A quen recoñecemos como Mestras e Mestres da Memoria?**

Adiantándose á nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, en fase de anteproxecto naquel momento, a asemblea xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a proposta da súa Sección de Literatura de Tradición Oral, acordou crear en 2013 os *Premios Mestras e Mestres da Memoria* co obxectivo de recoñecer publicamente, seguindo as directrices da UNESCO, aquelas persoas que dan vida e futuro ao Patrimonio Cultural Inmaterial.

Trátase de significar e apoiar persoas que atesouran e transmiten, ademais de contribuíren á súa salvagarda, valores culturais relevantes para as comunidades das que forman parte. O recoñecemento consiste na entrega en acto público dun diploma acreditativo, así como na difusión dos méritos que honran os Mestres ou Mestras a través dos medios de comunicación.

Para o seu recoñecemento téñense en conta características como a creatividade, o arraigamento, o carácter representativo e o risco de desaparición da tradición ou saber do que é portadora esa persoa.

Por tanto, recoñécense como Mestras e Mestres da Memoria as persoas que acadan un grao de excelencia narrando historias (contos, lendas...), que cantan, bailan e/ou interpretan temas musicais tradicionais, que coñecen e interpretan usos relacionados coa natureza ou co universo (curandeiros/as, menciñeiros/as...), que coñecen e fan uso de técnicas artesanais tradicionais e, en definitiva, aqueles e aquelas que amosaron ao longo da súa vida interese por coñecer, usar e transmitir saberes herdados do pasado.

O procedemento para a elección anual da Mestra e do Mestre da Memoria é o seguinte: os membros do Grupo de Traballo da Sección de Literatura de Tradición Oral avalían e ponderan as diferentes candidaturas para, a través do Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, someter á asemblea xeral anual a aprobación e nomeamento das persoas propostas. Así, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega recoñeceu como Mestras e Mestres da Memoria desde 2013, ano a ano:

### **2013**

Manuela Cortizo Medal

Ángel Rivas Veiga

### **2014**

Elena Requeijo Barro, *Elba Requeijo*

Xavier Blanco

### **2015**

Josefa Arias Castelo

Emilio Pérez Álvarez, *Emilio do Pando*

### **2016**

Dolores Macías Pose

Mini e Mero (Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Francisco Iglesias Do-  
barrio)

**2017**

Pandeyreiras da Alén (Orosia Gil Ramos, Ólida Diz Ramos e Alsira Gil Ramos)

Serafín Mourelle Bugallo

**2018**

Luz Fandiño

Manuel Pazos Redonda, *Pazos de Merexo*

**2019**

Dorothe Schubarth

Pablo Quintana

### **Arquivo dixital**

Dentro do arquivo da Sección de Literatura Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega creouse un espazo específico para amosar en vídeo as capacidades de cada unha destas persoas, xunto cunha entrevista na que se repasa a biografía desa persoa ata o momento do recoñecemento.

<http://www.aelg.gal/Polafias/>

### **A Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria**

Nas súas tres primeiras edicións, entre 2013 e 2015, o acto de entrega dos Premios Mestra e Mestre da Memoria formou parte da 'Gala das Letras' da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. A partir da súa cuarta edición, en 2016, o acto de entrega destes diplomas faise no marco dunha gala independente que se celebra sempre en Lugo, cidade que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega denomina «Lugo, capital galega da Literatura de Tradición Oral».

## Unidade didáctica

De cara a favorecer o aproveitamento escolar dos arquivos que vai xerando este proxecto, elaborouse e púxose a disposición do profesorado desde a web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a unidade didáctica *Patrimonio vivo: Mestras e Mestres da Memoria*, pensada para Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), cuxos obxectivos son:

Tomar conciencia da existencia dun sistema de comunicación oral, transmisor de lingua e cultura.

Recoñecer e recoñecérmonos nas formas culturais que se expresan oralmente.

Interpretar, experimentar e representar a comunicación oral.

Detectar as persoas da nosa contorna que posúen e transmiten eses saberes, e contribuír ao seu recoñecemento social.

Esta unidade didáctica pretende ser de utilidade para complementar os contidos da materia de Lingua e Literatura que tratan a oralidade na comunicación e como soporte de creación literaria. Incide nas formas de expresión oral de uso máis común (narración, diálogo, entrevista...), no coñecemento da literatura oral e os seus principais xéneros (mito, lenda, conto, romance...) e a súa conexión coa literatura escrita ou culta. En segundo lugar, queremos chamar a atención e singularizar as persoas da nosa comunidade, con nome e apelidos, aquí denominadas Mestres e Mestras da Memoria, que se expresan e comunican case en exclusiva de forma oral, e que teñen que facer uso desta facultade humana para transvasar desde a xeración anterior á posterior (e, de camiño, recrear e actualizar) historia, literatura e outros moitos coñecementos.

[https://www.aelg.gal/resources/didacticSPACE/units/didactic55/DW\\_didactic55\\_1\\_1.pdf](https://www.aelg.gal/resources/didacticSPACE/units/didactic55/DW_didactic55_1_1.pdf)

*Sección de Literatura de Tradición Oral  
da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*



### **Manuela Cortizo Medal**

Manuela Cortizo Medal ou *Manuela das Marianas*, naceu o 13 de xullo de 1930 en Cerdedo (Pontevedra). De pequena trasladouse ao lugar de Barro de Arén, no mesmo concello, onde residiu desde aquela. Alí casou con José Álvarez Sieiro, criou dúas fillas, Sinda e Ana, e dedicouse aos labores do campo.

Da súa tía, Mariana Cortizo Lorenzo, aprendeu os primeiros cantos, que coa súa prodixiosa voz pronto lle deron renome e prestixio en toda a comarca. Foi fundadora e compoñente do grupo ‘Pandeireteiras de Barro de Arén’, coas que gravou un CD, participou en programas de radio e televisión, e foi entrevistada por numerosos investigadores do folclore popular galego, cuxo resultado se pode comprobar en libros como *Cantares de Manuela de Barro*, de Calros Solla, e *Cantareira de Barro de Arén. Manuela Cortizo Medal*, de Xosé Lois Foxo.

O seu repertorio como cantadeira era moi amplo: cantos de ronda, de berce, Reis, Nadal..., cantares de oficios (de arrieiros, oleiros...), parrafeos, romances (históricos, de cego...) e coplas de todo tipo, interpretadas con ou sen acompañamento da pandeireta.

Manuela era unha muller alegre, de voz potente e transparente. Poucas veces tropezamos nas nosas camiñadas polo país con persoas tan sensibles e amantes da cultura tradicional, tan preocupadas pola recreación



e difusión dos cantos e das músicas populares. Gardaba na súa memoria milleiros de pezas para cantar, pero tamén contos e lendas ou historias da súa querida Terra de Cerdedo.

Por todos estes méritos o concello de Cerdedo concedeulle a Medalla de Ouro, o concello de Forcarei a Medalla ‘Gaitero de Soutelo’. Conta co ‘Diploma da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense’, e co ‘Diploma Mestra da Memoria’, concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no ano 2013.

Deixounos o 31 de xaneiro de 2018.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=6>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=13>



### Ángel Rivas Veiga

Ángel Rivas Veiga naceu no medio doutros cinco irmáns o 1 de novembro de 1924 no lugar de Eirexúa, parroquia de Xudán, concello da Pontenova (Lugo). Aquí naceu e aquí residiu ata que casou e se trasladou a Orxás, en Pousada, concello da Pastoriza, que é onde viviu na compañía da súa muller, pasando o tempo entre o coidado dunha horta primorosa e as excursións programadas para as persoas da súa idade. E o 8 de febreiro de 2016 despediuse un home único, cuxo espírito vaga xa na soidade intanxible do cemiterio da súa parroquia natal.

A Ángel coñecémolo en 1996, cando os do Equipo Chaira andabamos cos traballos de campo para o 'Inventario de contos e lendas e outras manifestacións da literatura de tradición oral do concello da Pontenova'. Recibiunos na súa casa de Eirexúa unha tarde de outono, convidounos a sentar arredor da cociña de ferro, e aos poucos xa estaba engaiolándonos coa súa sabedoría. Paseníño comezou a narrar uns fermosísimos contos que aprendera cando mozo, escoitados duns e doutros, sobre todo de seu pai, nas polavilas que se facían entón nas casas da aldea para mellor pasar as noites de inverno. Aqueles contos que as persoas estudosas da materia chamaban maravillosos ou ordinarios coma "O Castelo de Irás e Non Volverás", "O fardelo e a manta", "O ferreiro e o demo", "A gaita máxica" e outros moitos, foron publicados no libro *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (Lugo, 1998). Logo, estudando de vagar aquel tesouro literario, descubrimos que as versións dalgúns son únicas e as doutros constitúen unha achega notable entre as que se recompilaron en Galicia e en toda a

Península. Aquel día, e outros de despois que nos reunirmos con el, tivemos a sorte de coñecer un mestre humilde, de gozar do saber dun exemplo vivo de narrador oral que aprendera o oficio, sen querer, escoitando os vellos contadores da súa aldea.

A vida, a longa e saudosa vida de Ángel Rivas, deulle para ir vinte veráns seguidos segar a Castela, sempre á mesma casa, primeiro como mozo e logo como maioral. Traballou en mil e unha obras, na construción de estradas e no campo, e ata quixo ser frautista e gaiteiro, pero non acabaron de entenderse instrumento e instrumentista.

Como narrador oral, Ángel Rivas, foi un mestre de voz rexa e pausada, dominador dos rexistros e das reiteracións inherentes á comunicación oral. Escoitalo era ter o privilexio de recuar aos tempos nos que a literatura só circulaba escrita coa boca e lida cos oídos.

Ángel, aínda que só momentaneamente, chegou a vivir do conto. Nunha das xeirais laborais traballou ao servizo dun panadeiro e houbo ocasións en que o patrón lle encargou ir contar contos ao seu fillo pequeno, doente no leito. Mágoa que non lle durase aquela ocupación; as calores de a carón do forno non lle sentaban e tivo que mudar de oficio. Quen máis perdeu no cambio foi o fillo do panadeiro.

A UNESCO na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Inmaterial (outubro de 2003) acordou instar os estados membros á creación de sistemas nacionais para a identificación e o recoñecemento dos chamados Tesouros Humanos Vivos, individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial e así garantir que os seus saberes se perpetúen, transmitan e divulguen entre as novas xeracións. Ángel Rivas Veiga é un Tesouro Humano Vivo; só falta que as institucións competentes fagan o posible por recoñecerllo.

Ángel Rivas Veiga foi o único narrador oral galego escollido para o proxecto 'La memoria de los cuentos', patrocinado pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, no que participan só oito narradores orais de todo o Estado. Consta dun documental conducido polo escritor Antonio Rodríguez Almodóvar e mais dunha publicación cos contos e datos biográficos dos narradores.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=2>



### **Elena Requeijo Barro, *Elba Requeijo***

Elba Requeijo naceu en Arca, Montouto, en 1943. Criouse onde agora vive, no lugar das Basilias, na parroquia de Labrada, concello de Abadín. Alí medrou entre os traballos propios do medio, da idade e do xénero, e os xogos con xoguetes de fabricación propia. Aprendeu na escola básica, a que ensina a ler e a escribir e as catro regras, e tamén aprendeu outras moitas cousas imprescindibles para sobrevivir: os nomes das árbores e das plantas, os dos animais, os dos penedos, fontes, camiños e leiras, os das ferramentas e os dos labores que se fan con elas, e tamén aprendeu unha lingua para falar, contar e cantar: a lingua nai. Casou e tivo fillos que agora lle van achegando netos; fillos e netos que van e veñen.

Coñecémola en 1992 cando os do Equipo Chaira andabamos cos traballos de campo para a realización dun inventario de literatura de tradición oral do concello de Abadín. Petamos á súa porta na procura de Aurora, a súa sogra, sabedores de que dominaba un amplo rexistro de coplas e cántigas, como así foi, pero ninguén nos avisara de que naquela casa tamén vivía outra persoa que atesouraba inmensas riquezas na súa memoria. Aquel mesmo día gravámoslle romances, parrafeos, contos..., e volvemos outros días, e outros... O resultado está publicado no libro *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (O. Carnero, X. R. Cuba, A. Reigosa e M. Salvador, 2004) ao que Elba achega tres contos: “Ben pode ser”, “O fillo do cura” e un interesantísimo “Como naceron os lobos” que esconde,

en realidade, un mito. Tamén nos recitou tres versións dos coñecidos romances “Xerinaldo”, “Albaniña e “O conde Alarcos”, parrafeos e romances de cego como “Os paraugueiros”, “Tres casamentos nun día”, “As catorce mentiras”, “Cuarta feira”, “Boas tardes, rapaciña”; unha panxoliña e numerosas coplas do cancionero popular.

Anos máis adiante, no 2007, Elba Requeijo participou en dúas sesións (Serra de Outes e Mondoñedo) do proxecto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega denominado *Polafias*, reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais que pretenden rescatar do esquecemento e poñer en valor o valioso patrimonio oral, literario e musical galego. Tamén participou na revista oral *Tesouros vivos*, promovida pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas que tivo lugar no Museo Verbum de Vigo o 5 de xuño de 2009; e na terceira edición da revista oral *O pazo das musas*, 29 de setembro de 2005, editada polo Museo de Lugo, un número especial dedicado a divulgar e apoiar a candidatura para o recoñecemento por parte da UNESCO da Tradición Oral Galego-Portuguesa como *Obra Mestra do Patrimonio Oral e Intanxible da Humanidade*.

Máis recentemente interveu no curso “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. Reescrituras actuais do conto popular” organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, e colaborou no proxecto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que leva por título ‘Mestres da Memoria’, unha mostra representativa dos saberes dos máis vellos para divulgalos a través de internet como modelos de excelencia da literatura de tradición oral galega aínda viva.

Elba Requeijo recrea o que lles escoitou aos vellos, especialmente a un dos seus avós, e tamén o que leu nas *historias* que lle emprestaban ou que mercaba na feira de Gontán. Sempre gustou de memorizar os textos e logo recitalos coa maior fidelidade posible, o que a converte nunha transmisora fiable e única; Elba é un Tesouro Humano Vivo.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=1>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=5>



### **Xabier Blanco**

Xabier Blanco, da estirpe dos *Soledás*, naceu e reside en Moaña, onde desenvolve o seu traballo profesional na Escola Municipal de Música Tradicional do concello de Moaña. Nel reúnen, como sucede en moi poucos outros casos, a capacidade e o interese para recompilar, recrear, divulgar, interpretar e representar a través de obradoiros didácticos para os máis novos a nosa tradición musical, calidades que o converten nun transmisor fiel e nun mestre excepcional.

Como artesán preocúpase por estudar as vellas técnicas para construír ou restaurar instrumentos, para conservalos e interpretar con eles músicas de raíz.

Como froito dos seus traballos e estudos atesoura un importantísimo arquivo de pezas, instrumentos e melodías populares. Colabora no proxecto *Polafias* da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, participando nas de Vilamartín de Valdeorras, Merlán (Chantada), Ferreira Vella (Riotorto), Cabreiros (Xermade) e na de Moaña, na que ademais foi coorganizador.

É autor de numerosos traballos, entre eles os discos *A gaita de cana de Moaña*, *Instrumentos pobres* e *Gaitas troncais*, e de publicacións de carácter didáctico como *Toques, asubíos e cantores* e *O gaiteiro verde*.

Co traballo *Lei Natural*, un audio-vídeo de carácter documental, que

conta co patrocinio da empresa R, Xavier Blanco regresa á súa infancia vital e musical nas Illas Cíes, ás raíces das que emerxe con pulo incomparable este intérprete único da nosa tradición.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=4>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=25>



### **Josefa Arias Castelo**

Naceu no albor do século XX, o 14 de setembro de 1921, nunha das parroquias do concello de Vilalba, nas terras chairegas de Santaballa, en cuxo cemiterio descansa desde o 6 de xullo de 2019. Tivo unha longa vida de 97 anos. Criouse no seo dunha familia labrega humilde, nunha situación privilexiada como filla vinculeira. Dende moi nena acudiu á escola da Liga, á que asistía cando podía, non cando quería, pois daquela o traballo era moi necesario para sacar a casa familiar adiante.

Xa de moza casou aos 26 anos con José Bermúdez, máis coñecido como Pepe do Fogaina, con quen tivo seis fillos. Un deles morreulle ao pouco de nacer, pero conseguiu botar adiante cinco no duro contexto da posguerra española. Dedicou toda a súa vida ao traballo na labranza e ao coidado das vacas, que proporcionaban a pouca riqueza daqueles días.

Aos seus 90 anos lembraba con certa nostalxia a escola daquela época, recoñecendo que lle gustaba moito asistir porque lle prestaba estudar, pero a miseria daquela época non permitía que a educación fose primordial para as familias campesiñas do momento. Lembraba unha anécdota da súa etapa final na escola, cando o seu mestre Don Antonio Quintela Ferreiro foi visitar persoalmente a seus pais para recomendarlles «que seguisen estudando a súa filla porque era unha pena botar a perder unha nena tan intelixente». É evidente que seus pais non puideron cumprir aquel consello, por razóns económicas pero tamén porque non desexaban quedar sós.



Eran outros tempos e primaban outros valores.

Josefa foi unha muller loitadora que coa súa suor e a do seu home logrou sobrevivir ao infortunio dos tempos que lle tocou vivir.

Como boa santaballesa, mostrouse orgullosa de nacer nunha das parroquias máis prósperas da contorna, cantada polo seu tío poeta Caetano Arias López, a quen tamén loaba por ser un dos cantores da Terra Chá de principios do século XX, que deixou un importante legado poético para a posteridade. Caetano foi un dos poetas populares máis prolíficos da provincia de Lugo. A súa obra é intimista, social e, sobre todo, popular, reflexo da Santaballa dos primeiros anos do século pasado na que deixou fonda pegada a emigración a América. Bo testemuño disto é a construción da escola habaneira sufragada integramente pola veciñanza da parroquia, emigrados e non emigrados, que ansiaban un futuro mellor para as xeracións seguintes.

Moitas das súas poesías chegaron aos máis diversos recantos do país como cantares de cego, transmitidas oralmente de vellos a mozos, e publicadas na prensa vilalbesa da época e en rifas que se facían nos festexos. Caetano, xunto co seu fillo, o pai de Josefa e un veciño, integraba un cuarteto de gaitas que amenizaba as festas e romaxes que se celebraban na comarca a mediados do século pasado.

Josefa coñeceu moi de preto a súa poesía e sentía fachenda de ser sobriña dun dos poucos poetas populares que viron parir as terras vilalbesas. Foi unha das poucas transmisoras da súa obra, e estes son algúns dos poemas que a Josefa máis lle gusta lembrar: “Encima de mel, filloas”, “A máquina de mallar”, “Adiós, meu Ricardo”, “Galicia, xardín de flores”, “As papas de Xacoba”, “¡Probe gaitero!”, etc.

Josefa aproveitaba con ledicia calquera ocasión, sobre todo as xuntanzas familiares e de amigos, para recitar e lembrar con gran emoción a poesía de seu tío Caetano, aínda que recoñecía que cada vez lle resulta máis difícil pois, dixera ela, «Agora xa son unha vella de 90 anos.» Aínda así, gozou dunha gran memoria para recitala con todo luxo de detalles e con gran forza interpretativa. Esta foi, xunto coa lectura, unha das grandes afeccións de Josefa.

Texto: Adaptación de “Unha muller feita de terra”, artigo de Carme Pernas Bermúdez.

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=3>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=62>



### **Emilio Pérez Álvarez, *Emilio do Pando***

Emilio Pérez Álvarez naceu no lugar do Pando, parroquia de Cuíñas, concello da Fonsagrada (Lugo) un 27 de febreiro de 1932. Foi o máis cativo de dez irmáns, criados nunha casa con moitas necesidades pero tamén alegre e con tradición musical. Seu pai tocaba a frauta traveseira, e un seu irmán era tocador de trompa. Ademais, a casa natal foi lugar de reunión onde se celebraron moitas polavilas.

A primeira memoria que tiña da música e dos músicos da Fonsagrada era de cando andaba polos dous anos e medio: foi daquela cando quedou impresionado pola música do Chocolateiro, un gaiteiro dezanove anos maior, que el recorda tocando algunha peza coa súa gaita para amenizar, entre os monllos, os descansos da sega do trigo.

No transcorrer da vida, ademais de músico, foi xastre, comercial de electrodomésticos, carteiro por vinte e cinco anos, activista social, político e cultural, e ata presidente dun club de fútbol. Mestre de músicos, semente e salvagarda –con outros nomes míticos da comarca– da conservación da trompa ata a actualidade.

*Emilio do Pando* participou na creación e colaborou decisivamente no acrecentamento de fondos do Museo Etnográfico da Fonsagrada, unha institución fundamental na realidade cultural actual daquel concello. Tamén foi dirixente e formador doutro colectivo cultural da Fonsagrada, a Asocia-

ción Antaruxas e Sorteiros, fundada en 1979, agrupación responsable da profunda tradición que atesoura aquela comarca no referente á música e baile tradicionais.

*Emilio do Pando* foi gaiteiro e tocador de trompa de formación autodidacta. Tiña facilidade para aprender dos vellos gaiteiros e trompeiros, aos que lembraba con admiración e gratitude. Formou varios grupos musicais que amenizaron centos de festas e romaxes por case todo o país. Foi un dos músicos populares galegos que, xunto co seu paisano e amigo Herminio Villaverde, participaron no disco *La Voz Antigua*, unha gravación de Sonic, en 1980. Foi tamén, momentaneamente, actor na película *Tierra del Fuego*, un filme gravado en parte na Fonsagrada, dirixido por Manuel Littin, no que compartiu cartel con Uxía Blanco, Nancho Novo, Ornella Muti e Jorge Perugorría.

Xa na madurez, recoñecida por fin a súa mestría máis alá da súa terra natal, foi convidado a impartir numerosos obradoiros e a participar en múltiples concertos con grupos de tanto renome como Luar na Lubre ou Milladoiro. Tributáronselle numerosas e moi merecidas homenaxes. Unha das súas alegrías e ilusións foi ver como o seu sobriño-neto, Daniel Pando, se converteu nun digno continuador da tradición dos tocadores de trompa da Fonsagrada e de toda a Terra de Burón.

*Emilio do Pando* pasou a formar parte do arquivo de Mestres da Memoria como exemplo irrepitible de persoa onde conviven memoria, saber e tradición.

Deixounos o 29 de xuño de 2017.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=5>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=110>



### **Dolores Macías Pose**

Coñecida entre a veciñanza como *Dolores do Coxo*, os seus ollos brillan cando alguén se achega a saudala e mais cando lle falan de coplas. A súa cabeza non deixa de lembrar os versos que aprendeu desde ben nova.

Dolores Macías naceu o 7 de abril de 1930 no lugar de Borneiro, á beira da igrexa parroquial de san Xoán. Levou unha vida tranquila, sen grandes cambios. Traballou sempre na casa e na labranza. Ao contrario doutras irmás, non aprendeu a coser pero si o traballo do liño e, de camiño, os cantos de fía. Acorda ir de moza a algunhas fiadas ao Esmoris, en Cesullas, ou a Bamiro, en Vimianzo.

Xa lle gustaba cantar á súa nai María, pero outro tipo de cantos, os relixiosos. Dolores acompañábaa na misa para axudar o vello párroco de Borneiro, don José Andújar, que –comenta con retranca– disque non cantaba moi ben.

Cunha copla á Virxe da Barca recorda con agarimo as peregrinacións á romaría de Muxía, aínda que a súa viaxe inesquecibel sería a Venezuela, onde compartiu nove meses cos seus irmáns emigrados Maruja e Manolo. A emigración, polo tanto, tamén ocupa un lugar destacado nas cantigas do seu repertorio.

A veciñanza e amizades sempre lle fan peticións das súas cantigas máis populares, especialmente dos seus romances de cego, que recita entoando e

sen fallo. Como exemplo, o romance de Cristovo e Micaela, que aprendía na feira de Baio aos músicos ambulantes que alí chegaban. Outros tamén os lembra de escoitalos cando ía ao Entroido da Agualada á casa dos seus padriños.

Moitas das coplas que sabe Dolores veñen de vello, pero outras sáenlle a ela no momento e con temas de actualidade, como as que lle cantou ao presentador Xosé Ramón Gayoso no programa *Luar*, ao que acudiu nalgunhas ocasións.

Sabe tocar a pandeireta, especialmente a Muiñeira vella de Borneiro, co puño pechado, e sempre prefire que outras pandeireteiras a acompañen. Tamén baila «como o fan as mulleres», e aínda que os anos non perdoan e se apoia nun bastón, sempre está disposta e alegre para botar unha peza.

Nunca deixou de participar nas gravacións e recollidas por parte de grupos tradicionais como Xacarandaina, de achegar versos ao *Cancioneiro de Cabana de Bergantiños* de Pablo Díaz e Olga Kirk, ou de cantar diante da cámara da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Para sempre quedarán no recordo as sesións de coplas que nos agasalhou xunto coa súa amiga Aurora Ramos Pereiro (1913-2017) en moitas actividades de posta en valor do patrimonio oral que se levan facendo desde o concello de Cabana de Bergantiños.

Texto: Ángel Eiroa, dinamizador turístico e de cultura en Cabana de Bergantiños.

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=11>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=79>



### **Xosé Luís Rivas Cruz**

Coñecido polo alcume de *Mini*, naceu en San Martiño de Pacios (Beonte) o 18 de xuño de 1951. É mestre, músico, cantante, compositor, musicólogo e tamén político en exercicio no Parlamento galego e no concello de Boimorto, lugar onde exerceu por un longo período a docencia e onde reside. Chegou a impartir clases na escola unitaria desta localidade, para pasar logo a exercer o maxisterio no CPI Armando Cotarelo Valledor do concello boimortense. Ao tempo, desenvolveu un amplo labor cultural dentro da música. Formou parte da banda Fuxan os ventos dende a súa fundación ata 1982, para despois, no 1984, formar A Quenlla co seu compañeiro Baldomero Iglesias Dobarrio, máis coñecido por *Mero*. Nese mesmo ano fixo Mini a música para a curtametraxe *Mamasunción*.

Exerce como compositor de novas músicas, pero tamén de adaptador de cancións galegas, levando a cabo un intenso labor de recompilación do folclore galego. Ten editados trece álbums e arranxado as músicas para os seguintes vídeos: *Historia da Lingua Galega*, *Os señores da palabra*, *Historia do día das Letras Galegas*, *70 anos de nacionalismo*, *Memoria de rosas*, *Longa noite de pedra*, *A carón da escola*, *Cantares de cego I*, *Contos de lanuxes para nenos* e *Somos lenda viva*.

Canto á escrita, no plano individual, ten publicado en 2007 o ensaio *Boimorto: memoria dun silencio*, de cuxa saída se ocupou o propio Concello.



### **Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio**

Coñecido artisticamente polo hipocorístico *Mero*, naceu en Vilalba o 27 de xuño de 1951. Cantante, músico, poeta, escritor, tamén exerceu o maxisterio e fíxoo moito tempo no concello de Mesía, lindeiro co de Boimorto do seu compañeiro *Mini*. Como este, formou parte da banda Fuxan os ventos dende a súa fundación en 1972 e abandonou o grupo canda el para facer nacer no 1984 o grupo A Quenlla.

Individualmente é sobre todo creador de poesía, con libros de títulos como: *Na lonxitude do tempo* (Espiral Maior, 2005), *Recendos de luz e sombra* (Fundación Manuel María, 2006), *No papel que mudo escoita* (Irmandade Manuel María, 2011), *Doce ducias* (Instituto de Estudos Chairegos, 2016). Neste eido literario ten gañado varios premios, entre eles o Prados Ledesma do Concello de Viveiro no 2002 polo primeiro libro citado.

Con varios autores e autoras, participou en publicacións como *Homenaxe poética ao trovador Xohán de Requeixo* (2003), *A cidade na poesía galega do século XXI* (Toxosoutos, 2012), *150 Cantares para Rosalía de Castro* (Fundación Rosalía e Radio Galega [libro electrónico], 2015) e *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohán Xesús González* (Fervenza, 2016).

Partindo da súa actividade como investigadores, Mini e Mero teñen obra en común en libros como *Contos de vellos para nenos* (Citanía, 1995),

*Somos lenda viva* (Citania, 1996), *Cantos, Coplas e Romances de Cego*, (dous tomos: Ophiusa, 1998 e 2001).

É salientábel o seu labor de recompilación de contos, lendas, refráns, ditos e poemas, principalmente na súa Terra Cha natal e nas zonas onde exerceron o seu traballo como mestres: Boimorto e Mesía. O arquivo sonoro froito deste labor, composto por milleiros de cintas magnetofónicas, foille cedido ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización e incorporación ao Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, para a súa dispoñibilización na web do museo.

Tamén fixeron achegas ao eido educativo e son autores de diversos libros de ciencias sociais, naturais e de lingua galega para o ensino infantil e primario.

Como músicos, ademais das composicións orixinais propias de cada un e as feitas entrambos, están as músicas coas que revitalizaron e popularizaron autores da nosa literatura como Xabier Prado Lameiro, Luís Pimentel ou Luís Seoane. Debémoslles que teñan música escritores como Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Xosé Neira Vilas ou, por suposto, Manuel María. Cantados e musicados por Mini e Mero foron tamén autores máis achegados no tempo como Méndez Ferrín, Marica Campo, Darío Xohán Cabana ou o louzarín Fiz Vergara Vilariño. E mesmo incluíron traducido algún poeta de fóra, como é o caso do salmantino Marcos Ana.

Foron tamén partícipes do proxecto discográfico *Quiquiriquí*, producido en 2006 pola Asociación de Gaiteiros Galegos, un traballo dirixido á xente nova coa idea de valorizar a cultura tradicional; e mesmo teñen intervido en obras teatrais como a levada á escena por Volta e Dálle teatro titulada *Pan*, catro propostas arredor da malla (con creación e adaptación musical deles).

Sen dúbida este inxente e variado labor fixo que no ano 1997 recibisen o Premio San Martiño de Normalización Lingüística do concello da Estrada, que en 2009 lles fose outorgado O Pedrón de Ouro, que en 2011 lles concedesen o Premio Ramón Piñeiro López–Facer País, e que en marzo do 2016 fosen recoñecidos en Lugo pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega como Mestres da Memoria.

Texto: Isidro Novo

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=17>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=83>





### Orosia Gil Ramos

Naceu o 27 de marzo de 1922 no lugar da Alén, onde traballou nos oficios do campo; tivo gando, andou ao xornal e tamén trouxo á vida e criou un fillo, Manuel, que para os máis dos veciños é *Manolo de Orosia* e actualmente coida con agarimo a súa nai. Filla ela do Tío Bautista, dos *Xiles* ou *Xilotes*, a señora Orosia criouse ao calor da fragua e coma o seu defunto irmán Eliseo –de quen se lembra tamén no lugar o seu saber no cantar e a elegancia no baile–, foi afeitada a mazar no ferro, forte e sempre cun sorriso na cara e a alegría xenerosa. Alén da arte do canto e dunha vasta memoria que lle permite lembrar un grande número de coplas, coñece tamén outras historias de tradición oral, que conta co cariño e a cadencia precisas. Parece que lembramos aquel conto do año e máis a ovella, que estaban pacicando:

- Mamá, vámonos, que virá o lobo, e comeranos.
- Pacica, meu fillo, pacica, que mañá choverá ou nevará, ou quen sabe o que fará...

E o lobo aparece, pero non triunfa.



### Ólida Diz Ramos

Naceu o 22 de setembro de 1926. Como as súas compañeiras, sempre foi tida por larga no traballo e por boa veciña. A canda Orosia, mantivo a alegría das festas e conserva así mesmo unha memoria minuciosa dos avatares da vida do lugar, dos que marcharon para lonxe (o seu irmán Manuel, por exemplo, emigrado a Belo Horizonte, poeta e activista cultural entre os galegos de Minas Gerais) e das historias que oíu de nena. Como o caso da “Granxa de Balboa”, lugar mítico do monte da Alén onde foi desterrado un veciño «a onde non se oíse galo cantar nin campá tocar». De Ólida aprenderon moitos novos a tocar. A súa sobriña Ana, e a filla de Ana, Paula, herdaron dela a voz e o amor pola nosa música.



### Alsira Gil Ramos

Tamén da estirpe dos *Xilotes*, naceu o 14 de setembro de 1920 e morreu o 16 de febreiro de 2018 con 97 anos. Muller independente, traballou e fixo por vida en por ela, así como as outras homenaxeadas. A pesar de que os anos debilitaron as súas forzas, aínda hai pouco era o día que se prestaba a axudar a quen precisase. Debaixo do corredor da súa casa hai un banco onde aos veciños lles prestaba sentar ao abrigo a falar con ela dos seus recordos da vida. A pandeireta estaba enriba, na casa, sempre pronta, e na súa memoria gardaba as coplas que sempre cantou nas festas da aldea. Coma as súas compañeiras, viviu a vida no lugar, sacado unha temporada que, de nova, pasou en Pontevedra. En palabras dela: «Alá a xente é moi falante, coma aquí.» Sempre tivo unha palabra amábel para os que se achegaron polo lugar, o lugariño da Alén que

*...de lonxe parece vila  
se non foran os outeiros  
que ten do lado de riba.*

Textos: Poldo Cañizo

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=18>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=155>



## Serafín Mourelle Bugallo

### Mar de Irlanda

*Mar de Irlanda, Mar de Irlanda,  
mar agarimoso e traidor,  
fuches de min o sustento  
e tamén depredador.*

*De ti saquei pan prós fillos  
máis todo o que eu non tivera  
a cambio en ti eu deixei  
toda a miña vida enteira.*

*Catorce anos eu tiña  
cando ata ti me acheguei,  
agora xa son sesenta  
e nunca máis voltarei.*

*Canta loita, Mar de Irlanda,  
contra ti desenvolvín  
para arrincarche ese peixe  
que ti non queres ceder.*

*Agarimoso, as menos veces  
ata te deixas querer,*

*traidor, falso e asasino,  
cando bravo queres ser.  
Cantos días, cantas noites,  
sobre ti eu capeei,  
defendendo aquel barquiño  
que ti querías comer.  
Agarradiño ó temón,  
amedrentado me tiñas  
mais con café e cigarros  
eu sempre a ti che vencía.  
Negras e longas noites  
de ventos fuxindo endemoñados.  
Fúnebre música de Santa Compañía  
ó bater con paus, cables, cordas  
e todo canto atopaban.  
Mares falsos e tolos,  
grandes coma montañas  
ameazaban tragarnos  
nun só momentinho.  
Confésоче, Mar de Irlanda,  
que no fragor da sonata  
máis dunha vez escoitei  
a voz do meu pobre irmán  
e a de tantos amigos  
que levaches, traidor,  
ó máis mouro dos abismos.  
Parecía que choraban  
aínda pedindo auxilio.*

Este é un resumo da vida mareira de Serafín Mourelle Bugallo e ao tempo o poema co que remata o seu libro editado en Caldeirón e dedicado ao querido compañeiro desaparecido Paco Souto, titulado *Carapelas de sal e iodo*; se ben hai que dicir que cando fixo o poema, dedicado ao seu irmán e a outros mariñeiros desaparecidos nese mar, tiña uns poucos anos menos. El mesmo estivo a punto de perder a vida caendo á auga cando tiña 16 anos. Di que chegou a ouvir algúns compases da derradeira sonata que escoitan os homes que finan no mar, pero por fortuna os compañeiros deron achegado a embarcación a onde el estaba e puideron salvalo.

Serafín naceu en Corme hai agora oitenta e seis anos. Hai setenta e

dous embarcou por primeira vez coa categoría de cho, que vén ser axudante de cociña, e chegou a converterse nun patrón de sona no *Grande Sole* (pronunciado Gran Sol). Nos anos sesenta foi dos que descubriron os fértiles caladoiros de *Porcupine* (que traducido ao galego sería *Ourizo cacho*), un volcán submarino situado ao oeste de Irlanda. Di Serafín de si mesmo: «Eu nacín en Corme, crieime na Coruña, casei en Noia, vivín no Gran Sol. De onde son?... Son do mar máis que de sitio ningún». A pesar de todo, o mar para el tamén é poesía, como ben di Xurxo Souto.

Tanta vida no mar leva a converter unha persoa intelixente e inqueda como Serafín en autodidacta e transformala en experimentado astrónomo. Un dos seus máis importantes instrumentos de traballo era un sextante mercado nun porto de Irlanda, da marca Hezannith, ilustre empresa que fabricaba instrumental para investigación científica e para navegación marítima en Londres, no distrito de New Eltham, en Greenwich, dende 1845, case corenta anos antes de que aquilo se convertese en referencia do meridiano cero.

Pero as inquedanzas de Serafín Mourelle non rematan nin na astronomía nin na poesía, xa que ten unha novela inédita titulada *Cartas ao meu avó*, na que narra a súa aventura na mariña mercante, no banco Canario-Sahariano e nas augas do Grande Sole.

Cómpre dicir ademais de Serafín que a pesar de que a maioría dos patróns chegaban a adoptar a mesma ideoloxía do armador, nunca esqueceu as súas orixes e dende sempre estivo no lado dos traballadores, ata o punto de estar afiliado ao Partido Comunista de España.

Texto: Isidro Novo

Arquivo:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=19>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=173>



### Luz Fandiño

Luz Fandiño naceu no barrio de Sar en Santiago de Compostela, no ano 1931. En 1951 morre súa nai, e quedan a súa avoa, súa irmá e ela. No ano seguinte, reclamada por unhas curmás da súa nai e tías, emigra á Arxentina, onde é explotada miserablemente. No ano 64 chega a París, animada pola súa irmá. Aquí bota 15 anos. Volta para Galiza no 79, para Santiago, onde reside na actualidade.

Dende os seus anos de emigración, Luz escribe. Ten publicados varios contos: *Só os nenos e nenas poderán salvar a terra*, *A Farangullíña de neve*, *Kaltume*, *a fadiña da Praia*, *A carballeira engaiolada*, *A carrouchiña...* e poemarios. Dende o ano 2000 os seus poemas están recollidos por anos, con cadanseu título: *Latexos*, *Utopías*, *Vivir é vibrar*, *Indignación e rebeldía*, *A luz dos vagalumes*, *Ríos e regos da vida*, *Semente*, *Fíos de luz de lúa*, *Berros*, *O pracer de envellecer*, *A liberdade ten ás de vento*, *Nas azas do vento*; dous poemarios en francés, *De épines et de pensées I-II*, e tamén un *Escolma*, que recolle algúns dos seus poemas dos inicios da súa escrita. Formou parte da Asociación Redes Escarlata, coa que publicou o libro de poemas *Xuro que nunca máis pasarei fame*.

Ten colaboracións en varias revistas, xornais e na radio e televisión galegas. Recitou poesías na compostelá Praza de Fonseca co colectivo Mar de Tinta, xurdido a consecuencia da catástrofe do *Prestige*. Hoxe, aos oitenta e oito anos, segue escribindo a diario e participando en recitais, charlas e

obradoiros por todo o país.

Texto: Mercedes Santiago

*Da miña infancia a miña  
memoria garda ledas  
lembranzas creadas  
por dúas mulleres rebeldes,  
que en tempos de fame e de  
medos non se axeonllaron  
e souberon espertar  
a miña fantasía,  
mesmo a risco da súa  
propia vida...*

*Naquela profunda e  
longa noite e naquel escuro  
pesadelo puxeron luz e cor  
de esperanza nas miñas  
ideas....*

*Brúa o vento e, para tal,  
motivos non lle faltan.  
Oubea o vento como un  
can adoecido e abofé  
para iso sóbralle razón.  
No seu rouco oubeo trae  
o pranto das criaturas  
esfameadas, as que o mar  
devolve afogadas.  
Acaso a dor dunha criatura  
belga é máis arrepiante  
que a dor dunha criatura árabe?  
Acaso o seu sangue ten  
diferente cor e as bágoas  
teñen menos sal?*

*A nosa memoria  
componse de anacos  
da nosa historia,  
da nosa vida vivida,  
da nosa identidade,*



*que o noso subconsciente  
vai gravando.  
A memoria é a que lle dá  
credibilidade  
ás nosas verbas,  
quen rexeita a luz  
da súa memoria...  
nen sequera chega a ser unha  
sombra...  
O que non ten pasado  
non existe e por pura lóxica  
non ten futuro.*

Luz Fandiño

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=21>



### **Manuel Pazos Redonda, *Pazos de Merexo***

O acordeón diatónico, segundo o investigador Pedro Pascual, chegou á península Ibérica a finais do século XIX. E tivo éxito, un enorme éxito, especialmente nas festas populares, asociado ao baile agarrado e a outros ritmos de moda a partir dos anos 40 do século XX. Mais axiña, a pesar desa enorme popularidade, caeu en desuso ao ser substituído polos acordeóns “piano” que levaban as orquestras profesionais.

A figura de Manuel Pazos é moi importante pois só el e uns poucos tocadores (Sindo de Olelas, Edelmiro de Irixe e Manuel Calvo) tocaban o diatónico ao estilo galego a finais do XX.

Grazas ás gravacións que se lle fixeron a partir de 1998, cando contaba xa setenta e cinco anos, podemos coñecer e conservar o amplo repertorio, decisivo para que un grande número de músicos máis novos se achegasen ao diatónico e interpreten, compoñan e intercambien con instrumentistas doutras tradicións ese xeito galego de tocar o diatónico.

Manuel Pazos Redonda, da Casa da Forreira, naceu en Merexo, parroquia de Ozón (Muxía), o 9 de maio de 1926, nun lugar situado nunha paraxe espectacular no fondo da ría, entre Camariñas e Muxía. Fillo e neto de emigrantes na Arxentina, terceiro fillo dos oito irmáns que foron. Manuel nin emigrou nin quixo ter que ver cos oficios do mar. Naceu onde viviu, en terra de ceboleiros e ceboleiras, boa para cultivar, ademais de ex-

celentes cebolas, millo, patacas... ou o que se queira, que foi ao que se dedicou Manuel toda a vida. Ou case toda, que tamén lembraba os traballos dos tempos do volframio que precisaban os alemáns e vixiaban os ingleses, e tamén que con algún daqueles cartiños aínda chegaría un acordeón máis moderno e máis enteiro á casa de Manuel.

En 1937, cando xa el andaba co devezado de imitar os afamados Caroliños, músicos de Muxía, chegou ás súas mans o galano soñado: un acordeón de botóns que ao seu curmán José de Benito non lle cabía na maleta de regreso a Arxentina.

Quedou o acordeón en Merexo e as primeiras leccións do curmán, aínda que nun primeiro momento –mentres Manuel non foi quen de aprender un repertorio básico– o acordeón alugábase a veciños que xa sabían tocar para amenizar os bailes da parroquia. Pero non tardou Manuel en dominar as pezas imprescindibles para levar o ritmo no baile: xotas, muiñeiras, pasodobres, e tamén valeses ou mazurcas que viñeran do outro lado do mar. O que máis lle gustou sempre foi ver como se botaban a bailar, sobre todo as mozas, cando el tocaba.

Aos poucos, Manuel foi facendo súas as pezas que aprendía, e engadiulles o *floreo*, unha habilidade que el imitou dos Caroliños, mellorándoa notablemente e que só uns dedos áxiles moi adestrados poden lograr.

O seu repertorio foise conformando de pezas escoitadas aquí e acolá, unhas chegadas do outro lado do mar, outras escoitadas a uns xitanos cando o servizo militar, outras do ceguíño de Muxía, acordeonadas que el levaba ás palilladas e tamén aos salóns de baile de Merexo e arredores.

Sempre tocou só. Tras un tempo de silencio musical logo da morte da muller en 1989, en 1996 e instigado polo seu fillo Pedro, volve coller o acordeón, desta volta para acompañar a viaxe no autobús e encher de sons atlánticos reivindicativos a Castellana de Madrid, cando a gran manifestación dos gandeiros galegos, como fixo en 2008 cando houbo que protestar contra a megafactoría piscícola que quería asolar Merexo.

A partir de aí chega o recoñecemento. Visitou os platós de programas de televisión como *Luar*, *Alalá* e *A Repichoca*; actuou nos escenarios dos grandes teatros galegos (unha actuación moi especial, sen estar prevista, no Pazo da Ópera da Coruña con Flaco Jiménez): recibiu visitas de investigadores e músicos que querían saber, que querían aprender, como Mercedes Peón, Ugia Pedreira, Kepa Junquera, os irmáns Castro Vicente, Xurxo Souto... aínda que non faltaron os contratemplos cando un accidente labo-

ral afecta considerablemente a mobilidade de varios dos dedos dunha man.

Todo o superou Pazos. Chegaron as gravacións, as actuacións, os premios; os últimos, coma sempre, os da veciñanza, pero chegaron.

Múltiples anécdotas encherían de alegría esta breve laudatoria. Como cando lle amañoou o acordeón cunha pila de foco ao Ceguiño de Corcubión; os recordos do alcalde republicano de Carballo, José Monteagudo, agochado na súa casa no 36; os recordos do barco do gas, o buque cisterna alemán abatido no 43 no mar de Muxía por avións aliados e que deixou aquel mar mancado coa primeira marea negra que se recorda por alí: alguén lle prendeu lume ao gas e ardeu mar e o monte de arredor.

«É unha persoa moi polifacética, que igual muxe unha vaca que fai un cesto, toca unha mazurca ou un pasodobre», dixo del o seu fillo Pedro.

«Acórdome cando eramos pequenos. Estaba o acordeón no faiado. E só o sacaba pola festa do San Martiño, que viñan os curmáns de Corcubión. E despois máis adiante xa faciamos festa polo san Xoán ou polo san Pedro na praia de Lago, ou nun bar, ou mesmo na corredoira... Dunha peza pasaba a tocar outra, ata as tres da mañá, toda a noite», di a súa filla María Xosé.

E quizais con estas dúas citas abundase, sen máis palabras, para definir a capacidade de Manuel Pazos para adaptarse ao medio e ás circunstancias. Citas ás que quizais só habería que engadir nun rótulo ben grande, xunto ao título de ‘Mestre da Memoria’, ‘Mestre do Floreo’.

Todo isto e moito máis poden vostedes ler e escoitar no libro-disco editado pola aCentralFolque (Centro Galego da Música Popular) en 2015 co título *Pazos de Merexo. O acordeón diatónico da Costa da Morte*, da autoría de Xurxo Souto e Pedro Pascual. Unha publicación con datos biográficos, fotografías, partituras do repertorio antolóxico de *Pazos de Merexo* e un CD cunha entrevista e pezas musicais interpretadas por Pazos con Kepa Junquera, Brais Maceiras, Xosé Manuel Varela... e o seu propio neto, Adrián.

*Pazos de Merexo* deixounos o 25 de marzo de 2019 e descansa no cemiterio parroquial de San Martiño de Ozón, a súa parroquia natal.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=20>



### Dorothe Schubarth

Natural de Basilea (Suíza), onde comezou os seus estudos que ampliou en Colonia e Múnic. É directora de coro e musicóloga. A partir de 1971 ocupou a cátedra de harmonía e contrapunto na Academia de Música de Lucerna e comeza a desenvolver investigacións arredor das músicas populares europeas. Realizou traballos de campo nos Balcáns, no Cáucaso, Alemaña e Francia, cuxo resultado publica no libro *Das Volkslied in Europa. Vielfalt seiner Erscheinungsformen (O Canto Popular en Europa. Diversidade das súas formas)* (Lucerna, 1978).

En 1978 visita Galicia para coñecer a nosa música popular mais o interese polo que aquí descobre fai que se dispoña a realizar un traballo de campo intensivo por todo o país, que remata coa publicación da magna obra en sete volumes que contén a mellor e máis ampla análise, clasificación e estudo da nosa lírica popular, publicada pola Fundación Barrié en 1984 baixo o título *Cancioneiro Popular Galego*.

O Arquivo Sonoro de Galicia conserva 248 CDs coas dixitalizacións das súas gravacións orixinais e coas correspondentes transcripcións a cargo do profesor e filólogo Antón Santamarina.

Entre os recoñecementos que se lle fixeron en Galicia están o 'I Día das Galegas nas Letras' en 2014 e 'Premio Honorífico 2017' da Asociación de Músicos ao Vivo.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=22>



## Pablo Quintana

Naceu en Vilanova de Oscos (Asturias) en 1956. Reside na Coruña desde 1982. Escritor, investigador, músico e divulgador da cultura popular, material e inmaterial, tanto galega como da Asturias occidental. É autor de numerosos traballos, libros e artigos arredor da transformación artesanal do ferro, foxos do lobo, danzas e festas gremiais, zoqueiros, músicas populares e diversos xéneros da literatura popular tradicional.

Coordinou a serie etnográfica *Recolleita* (Ruada, 1981) que editou o disco coas gravacións das coplas do cego Florencio da Fontaneira e a pandeireteira Eva Castiñeira. É autor do LP *O cego andante* (Ruada, 1982) no que xunto con outros músicos interpretou temas tradicionais recollidos en boa parte por el mesmo.

Dirixiu documentais sobre danzas procesionais e bailes entre 1982 e 1983, en vídeo industrial Umatic, e outros materiais videográficos para a produtora Espello Video-Cine.

Traballou na radio desde 1980, primeiro en Radio 80 e despois como técnico en Radio Nacional de España, onde ademais se encargou de programas como *Garmalleira* e *Hoxe domingo*, así como emisións de intercambio coa Unión Europea de Radiodifusión (UER) para Radio Francia, Radio de Polonia e Radio Praga. Na actualidade dirixe a Editorial Canela, especializada na publicación de libros sobre personaxes singulares e activi-

dades esmorecentes da nosa cultura popular.

Texto: Antonio Reigosa

Arquivo: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=23>





## Índice

|   |    |
|---|----|
| Limiar da Concellaría de Cultura do Concello de Lugo                          | 5  |
| Limiar da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega              | 7  |
| A quen chamamos Tesouros Humanos Vivos?                                       | 11 |
| A quen recoñecemos como Mestras e Mestres da Memoria?                         | 11 |
| Arquivo dixital   | 13 |
| A Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria                               | 13 |
| Unidade Didáctica   | 14 |
| Mestra e Mestre 2013  |    |
| Manuela Cortizo Medal   | 15 |
| Ángel Rivas Veiga   | 17 |
| Mestra e Mestre 2014  |    |
| Elena Requeijo Barro, <i>Elba Requeijo</i>                                    | 19 |
| Xavier Blanco   | 21 |
| Mestra e Mestre 2015  |    |
| Josefa Arias Castelo  | 23 |
| Emilio Pérez Álvarez, <i>Emilio do Pando</i>                                  | 25 |
| Mestra e Mestres 2016   |    |
| Dolores Macías Pose   | 27 |
| Mini e Mero (Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio)    | 29 |
| Mestras e Mestre 2017   |    |
| Pandeireteiras da Alén (Orosia Gil Ramos, Ólida Diz Ramos e Alsira Gil Ramos) | 32 |
| Serafín Mourelle  | 35 |
| Mestra e Mestre 2018  |    |
| Luz Fandiño   | 38 |
| Manuel Pazos Redonda, <i>Pazos de Merexo</i>                                  | 41 |
| Mestra e Mestre 2019  |    |
| Dorothe Schubarth   | 44 |
| Pablo Quintana  | 46 |





---

asociación de **escritoras  
escritores**  en lingua galega